

Concepto	Denominación	Importe en euros
474	Para compensa-la perda de ingresos pola rebaixa das tarifas de peaxe (Real decreto lei 6/1999). Obrigas de exercicios anteriores ....	20.851.820,10

**Artigo 2. Financiamento do suplemento de crédito e dos créditos extraordinarios.**

O suplemento de crédito e os créditos extraordinarios que se conceden no artigo anterior fináncianse con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

**Artigo 3. Autorización para amplia-lo suplemento de crédito e os créditos extraordinarios.**

Autorízase o ministro de Facenda a amplia-lo suplemento de crédito e o crédito extraordinario destinados ó pagamento de xuros na cantidade necesaria para aboa-lo exceso de xuros que se produzan ata a data en que se realice o pagamento.

**Disposición derradeira única. Entrada en vigor.**

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11879** *ORDE PRE/1551/2003, do 10 de xuño, pola que se desenvolve a disposición derradeira primeira do Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega de certificados polos cidadáns. («BOE» 141, do 13-6-2003.)*

O Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega de certificados polos cidadáns, dispón na súa disposición derradeira primeira que, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor do citado real decreto, se establecerán por orde ministerial, no marco dos criterios de seguridade, normalización e conservación ós que se refire o Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, os requisitos de autenticidade, integridade, dispoñibilidade e confidencialidade dos dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación, así como os protocolos e criterios técnicos ós que deben suxeitarse.

Os ditos criterios de seguridade, normalización e conservación foron obxecto de informe favorable do Consello Superior de Informática e para o impulso da Administración Electrónica.

Así mesmo, na citada orde estableceranse as condicións que deberá reuni-lo órgano, organismo ou entidade habilitada para a prestación do servizo de enderezo electrónico único, así como as condicións para a súa prestación.

As condicións de accesibilidade para as persoas discapacitadas e de idade avanzada están suxeitas ó que dispón a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e comercio electrónico, na súa disposición adicional quinta.

A presente orde ministerial ten por obxecto dar cumprimento ó mandato sinalado no real decreto. Para tal fin, tivéronse en consideración as experiencias previas, as implicacións técnicas da unicidade do enderezo electrónico, a busca de racionalidade e sinxeleza de uso para os interesados e o aproveitamento das vantaxes das economías de escala.

Na súa virtude, logo de informe favorable do Consello Superior de Informática e para o impulso da Administración Electrónica, por proposta dos ministros de Administracións Públicas, de Ciencia e Tecnoloxía e de Facenda, dispoño:

**Primeiro. Obxecto.**—De acordo co establecido na disposición derradeira primeira do Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega de certificados dos cidadáns, a presente orde ten por obxecto establece-los requisitos de autenticidade, integridade, dispoñibilidade e confidencialidade dos dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación, así como os protocolos e criterios técnicos ós que deben suxeitarse e as condicións que deberá reuni-lo órgano, organismo ou entidade habilitada para a prestación do servizo de enderezo electrónico único así como as condicións da súa prestación.

**Segundo. Adopción das medidas de seguridade, organizativas ou técnicas, dos dispositivos e aplicacións de rexistro, notificación e da prestación do servizo de enderezo electrónico único.**

1. Con carácter xeral aplicaranse ós dispositivos e aplicacións de rexistro, notificación e da prestación do servizo de enderezo electrónico único as medidas de seguridade, conservación e normalización que se detallan nos «Criterios de seguridade, normalización e conservación das aplicacións utilizadas para o exercicio de potestades» aprobados polo Consello Superior de Informática e para o impulso da Administración electrónica e accesibles no seu sitio web.

As ditas medidas de seguridade, conservación e normalización virán determinadas polo resultado da análise e xestión de riscos que se realice, recomendándose para estes efectos a utilización da metodoloxía Magerit.

2. O disposto nesta orde ministerial aplicarase en todo caso de conformidade co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e demais normativa aplicable nesta materia.

**Terceiro. Requisitos de autenticidade dos dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación.**

1. Os dispositivos e as aplicacións de rexistro e notificación só admitirán a sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido que cumpra a recomendación UIT X.509 versión 3 ou superiores (ISO/IEC 9594-8 de 1997) de acordo co previsto na lexislación de sinatura electrónica.

2. A aceptación dunha sinatura electrónica estará condicionada a que a utilización do servizo de consulta sobre a vixencia dos certificados nos que se basee a dita sinatura electrónica non supoña un custo específico adicional para os órganos, organismos ou entidades incluídos no ámbito de aplicación desta orde.

**Cuarto. Requisitos de integridade dos dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación.**—Os órganos da Administración xeral do Estado e os organismos públicos vinculados ou dependentes daquela que poñan en marcha dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación, deberán contar con medidas organizativas e técnicas para garanti-la integridade da información. En calquera caso establecerán as seguintes medidas:

- a) Aplicación de técnicas de comprobación da integridade da información, como sinatura electrónica (cos requisitos sinalados no punto terceiro), funcións resumo ou «hash», e se é o caso, de datación electrónica.
- b) Procedementos de copias de seguridade de ficheiros e bases de datos e de protección e conservación de soportes de información.
- c) Protección dos arquivos de información destinados ós interesados mediante atributos de só lectura.
- d) Instalación de ferramentas ou procedementos nas aplicacións que executen transaccións ou procesos nos que se produzan múltiples actualizacións de datos que se encontren relacionados entre si para previlo caso de que se produza un fallo de proceso e non se poida completa-la transacción.
- e) Análise periódica dos sistemas de información, dos accesos á información e ás aplicacións, dos rexistros de eventos ou incidencias, das operacións, así como dos recursos utilizados.
- f) Adopción de medidas de protección fronte a código daniño nos servidores de aplicación e nos soportes circulantes.
- g) Establecemento de procedementos para evita-la instalación de software non autorizado, o borrado accidental ou non autorizado de datos e os accesos non autorizados.

**Quinto. Requisitos de dispoñibilidade dos dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación.**

1. Na páxina web de cada órgano ou organismo notificador, e se é o caso no portal do cidadán, atoparanse á disposición do interesado os programas necesarios que debe instalar no seu ordenador persoal para o correcto funcionamento dos sistemas de rexistro e notificación, en especial para a lectura das notificacións, para verifica-la autenticidade do órgano notificador e para descifra-los escritos a el dirixidos.

Os ditos programas terán que ser compatibles cos medios técnicos de que dispoñan as administracións públicas.

2. Os órganos da Administración xeral do Estado e os organismos públicos vinculados ou dependentes daquela que poñan en marcha dispositivos e aplicacións de rexistro ou de notificación telemáticos establecerán as medidas organizativas e técnicas para que a dispoñibilidade do servizo sexa de 7 días á semana e 24 horas ó día. En calquera caso establecerán as seguintes medidas:

- a) Mantemento actualizado do software de base e específico sobre o que está soportado o sistema de rexistro e notificacións telemáticas, seguindo as recomendacións indicadas nas listas de vulnerabilidades correspondentes.
- b) Actualización periódica ou cando sexa necesario do software de base e corrección, se é o caso, das debilidades observadas neste.

c) Adopción de medidas de seguridade física no contorno onde se atopan os equipos que dean soporte ás aplicacións.

d) Protección dos sistemas e as aplicacións contra o código daniño e contra ataques de denegación do servizo e establecemento en calquera caso das medidas oportunas.

e) Deberase preparar e manter operativo un plan de continxencias.

**Sexto. Requisitos de confidencialidade dos dispositivos e aplicacións de rexistro e de notificación.**—Os órganos da Administración xeral do Estado e os organismos públicos vinculados ou dependentes daquela que poñan en marcha dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación deben adoptar medidas de seguridade para a salvagarda da confidencialidade. En calquera caso establecerán as seguintes medidas:

- a) Medidas de seguridade física.
- b) Control dos accesos ós dispositivos e aplicacións de rexistro e notificación, en especial os que cheguen a través das redes de comunicacións.
- c) Protección dos soportes de información e copias de seguridade.
- d) Cifrado das notificacións, cando así o estableza a lexislación sobre protección dos datos de carácter persoal ou o considere necesario o órgano ou organismo notificador.

**Sétimo. Protocolos e criterios técnicos dos dispositivos e aplicacións de rexistro e notificacións.**

1. A sincronización da data e a hora dos servizos de rexistro telemático e de notificación telemática realízase co Real Instituto e Observatorio da Armada, de conformidade co previsto sobre a hora legal no Real decreto 1308/1992, do 23 de outubro, polo que se declara o Laboratorio do Real Instituto e Observatorio da Armada como laboratorio depositario do patrón nacional de tempo e laboratorio asociado ó Centro Español de Metroloxía, e segundo as condicións técnicas e protocolos que o citado organismo estableza.

2. O rexistro telemático e o servizo de notificación telemática deberán cumprilo requirimentos en materia de accesibilidade establecidos pola Iniciativa para unha Web accesible (WAI) do Consorcio World Wide Web e en particular as especificacións da Recomendación do 5 de maio de 1999 sobre pautas de accesibilidade do contido na Web, versión 1.0, no seu nivel AA.

3. O acceso do cidadán a través da internet ás notificacións telemáticas e ós rexistros telemáticos realízase mediante un navegador web que cumpra a especificación W3C HTML.4.01 ou superior.

4. O protocolo para a comunicación entre o navegador web do interesado e o servidor da Administración será http 1.0, ou superior.

5. Os servizos de rexistro e de notificación telemática deberán poder utilizar na súa canle de comunicacións cos interesados cifrado simétrico de, polo menos, 128 bits.

**Oitavo. Condicións que deberá reuni-lo órgano, organismo ou entidade habilitada para a prestación do servizo de enderezo electrónico único.**

1. O órgano, organismo ou entidade habilitada para a prestación do servizo de enderezo electrónico único deberá pó-los medios técnicos para desenvolve-las seguintes funcións:

- a) Crear e mante-lo directorio de enderezos electrónicos únicos.
- b) Almacenar e custodia-las notificacións no enderezo electrónico único.

c) Xestiona-los xustificantes de recepción dos interesados e dos órganos ou organismos notificadores.

d) Mante-lo rexistro de eventos das notificacións, o cal conterà, polo menos, o enderezo electrónico, a traza da data e a hora da recepción da notificación no enderezo electrónico único e do acceso do interesado á notificación e a descrición do contido da notificación.

e) Establece-las medidas organizativas e técnicas para que a dispoñibilidade do servizo sexa de 7 días á semana e 24 horas ó día.

2. Poderanse engadir outras funcións de mellora do servizo e complementarias das expresadas, como é o caso de aviso de posta á disposición dos interesados das notificacións.

Noveno. *Condicións da prestación do servizo de enderezo electrónico único.*

1. A titularidade do enderezo electrónico a partir do cal se constrúan os enderezos electrónicos únicos dos interesados correspóndelle ó Ministerio de Administracións Públicas.

2. O prestador do servizo de enderezo electrónico único estará suxeito ás medidas de seguridade, ós requisitos de autenticidade, integridade, confidencialidade, dispoñibilidade e á utilización dos protocolos e criterios técnicos establecidos nesta orde ministerial.

3. O directorio do servizo de enderezo electrónico único deberá recolle-lo nome e apelidos ou a razón ou denominación social do interesado, o número do documento nacional de identidade ou o código de identificación fiscal ou calquera outro equivalente e o enderezo electrónico único.

4. O prestador do servizo de enderezo electrónico único designará un administrador da seguridade, responsable da realización e actualización da análise e xestión de riscos, do rexistro de incidencias de seguridade, da correcta implementación das salvaguardas de seguridade técnicas, organizativas, e de cantas outras actuacións en materia de seguridade sexan necesarias para a protección dos sistemas ó seu cargo.

5. O prestador do servizo de enderezo electrónico único deberalle remitir ó órgano ou organismo notificador por cada notificación telemática:

a) Certificación electrónica da data e hora na que recibe a notificación enviada polo órgano ou organismo notificador.

b) Certificación electrónica da data e hora na que se produce a recepción da notificación no enderezo electrónico único asignado ó interesado.

c) Certificación electrónica na que conste a data e hora na que se produce o acceso do interesado ó contido da notificación no enderezo electrónico.

d) Certificación electrónica de calquera incidencia que se produza na práctica do disposto nos puntos anteriores.

6. O prestador do servizo de enderezo electrónico único deberá adopta-las medidas organizativas e técnicas que garantan a calidade do dito servizo.

7. No caso de cesamento de actividade ou cambio do prestador do servizo de enderezo electrónico único, as bases de datos, os programas informáticos asociados, o rexistro de eventos e o dominio de enderezos electrónicos coas notificacións que existan nese momento e a documentación técnica, deberán entregarse ó Ministerio de Administracións Públicas, ou á entidade que esta designe, debidamente actualizadas.

8. Os programas necesarios para o correcto funcionamento do sistema de notificación ós que se refire o punto quinto. 1 serán subministrados ós órganos e organismos notificadores polo prestador do servizo de enderezo electrónico único.

Décimo. Competencia do Ministerio de Administracións Públicas para o establecemento de parámetros de calidade e vixilancia do seu cumprimento.

1. Correspóndelle ó Ministerio de Administracións Públicas, logo de informe do Consello Superior de Informática e para o impulso da Administración Electrónica, establece-los parámetros de calidade da prestación do servizo de enderezo electrónico único e de cumprimento dos requisitos e condicións establecidas na presente orde ministerial, así como as penalizacións e demais medidas correctoras que sexan de aplicación.

2. Correspóndelle ó Ministerio de Administracións Públicas validar e vixia-lo cumprimento do establecido no parágrafo anterior.

Décimo primeiro. *Competencia do Ministerio de Administracións Públicas para a actualización de requisitos e criterios técnicos.*—A actualización dos requisitos e os criterios técnicos desta orde ministerial correspóndelle ó Ministerio de Administracións Públicas, logo de informe favorable do Consello Superior de Informática e para o impulso da Administración Electrónica.

Disposición transitoria única. *Validez das notificacións telemáticas previstas na normativa vixente.*

Serán válidas as notificacións telemáticas dos departamentos ministeriais e organismos públicos previstas nos procedementos telemáticos publicados no «Boletín Oficial del Estado» ó abeiro da Lei 30/1992 e normativa de desenvolvemento que no momento de entrada en vigor da presente orde se atopen vixentes.

Non obstante, deberanse adaptar ó previsto nesta orde ministerial no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción das disposicións relativas á prestación do servizo de notificación no enderezo electrónico único, que entrarán en vigor a partir do inicio de actividade do prestador do servizo de enderezo electrónico único previsto na disposición derradeira primeira do Real decreto 209/2003.

Madrid, 10 de xuño de 2003

RAJOY BREY

Excmos. Sres. Ministros de Administracións Públicas, de Ciencia e Tecnoloxía e de Facenda.

## MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

**11946** REAL DECRETO 653/2003, do 30 de maio, sobre incineración de residuos. («BOE» 142, do 14-6-2003.)

Ata a aprobación da Directiva 2000/76/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de decembro de 2000, relativa á incineración de residuos, o réxime xurídico aplicable no seo da Unión Europea a estas operacións de xestión fundamentábase nunha dobre regulación, en función de que os residuos sometidos a incineración tivesen ou non a consideración de perigosos,